Concello de Ribeira

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 15 DE OUTUBRO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE **Membros que asisten:** POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	**Interventor:** BAO CASTRO PABLO **Secretario Xeral:** SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL **Membros que non asisten:**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Quinze de Outubro do Dous mil vinte e seis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 08/10/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/055

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/10/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS QUE RESULTAN FINALMENTE ADMITIDAS Á LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE "DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DO CONCELLO DE RIBEIRA DE 2027 E 2028, CON POSIBILIDADE DE DÚAS PRÓRROGAS ANUAIS PARA 2029 E 2030""

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/061

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN PARA A ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL 2 ANUALIDADES: 2026/2027 E 2027/2028"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/086

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/10/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO DE HUMOR "ESFINTER 6""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/087

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/10/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR ENRAIZANDO SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE LOTE 2: APOYO SOCIOEDUCATIVO Y ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL A PERSONAS SIN HOGAR DE LA LICITACIÓN "SERVICIOS PROFESIONALES ESPECIALIZADOS DE APOYO AL PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL MUNICIPAL""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/088

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PROYECTO PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS MUSEALIZACIÓN DE LA EDIFICACIÓN ANEXA A NAVE DE CERQUEIRA COFINANCIADO EN UN 60% POR LA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DEL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) EN EL MARCO DEL PROGRAMA PLURIRREGIONAL DE ESPAÑA 2021-2027 DENTRO DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO INTEGRADO LOCAL (PLAN EDIL), PAI RIBEIRA ATLÁNTICA 2030"

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/096

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DE CONTRATO PRIVADO DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS ARTÍSTICOS ORGANIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS DE BALLET "EL CASCANUECES" Y "LA BELLA DURMIENTE""

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/147

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO PAVIMENTO E DA LIÑA DE ABASTECEMENTO NA AVENIDA DE FERROL. 1ª FASE"

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/148

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/10/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "MUSEALIZACIÓN DE LA EDIFICACIÓN ANEXA A NAVE DE CERQUEIRA", COFINANCIADO EN UN 60% POR LA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DEL FONFO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) EN EL MARCO DEL PROGRAMA PLURIRREGIONAL DE ESPAÑA 2021-2027 DENTRO DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO INTEGRADO LOCAL (PLAN EDIL), PAI RIBEIRA ATLÁNTICA 2030"

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202610/167

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 09/10/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DE SUMINISTROS: ADQUISICIÓN DE UN PUNTO LIMPIO MÓVIL PARA RECOGER RESIDUOS DOMÉSTICOS ESPECIALES O PELIGROSOS DE UNA FORMA MÁS PRÓXIMA PARA LA CIUDADANÍA"

11.- LICENZA DE ACTIVIDADE (CAMBIO DE TITULARIDADE) - Aitorpesca, S.L.U.

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **PLATAFORMA DE COMERCIALIZACIÓN DE PEIXE** no lugar de **Polígono Industrial de Xarás, Ribeira (***Solo Urbano industrial con aplicación do Plan Parcial do Polígono de Xarás)* e da que é promotora a entidade **AITORPESCA S.L.U. (CIF B44589828), (anterior titular: CURROPESCA S.L. -CIF B15760549), LICENZA DECRETO DE ALCALDÍA DE 23 DE FEBREIRO DE 2007)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade coa normativa vixente, polo que **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da corporación, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 13/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **cambio de titularidade da actividade** para **PLATAFORMA DE COMERCIALIZACIÓN DE PEIXE** (epígrafe IAE 612.8 e 416*)* no lugar de **Polígono Industrial de Xarás, Ribeira (***Solo Urbano industrial con aplicación do Plan Parcial do Polígono de Xarás)* e da que é promotora a entidade **AITORPESCA S.L.U. (CIF B44589828), (anterior titular: CURROPESCA S.L. -CIF B15760549), LICENZA DECRETO DE ALCALDÍA DE 23 DE FEBREIRO DE 2007)**

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirinte a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

-So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

_____
_____

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

22828 16.09.2026 ADCOM BARBANZA S.L., colocación rampa na Avda. do Ferrol, nº 5, Ribeira. (2026 COMU000419)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

16880 11.07.2023 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO EMILIA PARDO BAZÁN, instalación de rampa na vía pública para acceso ao edificio sito na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 6, Ribeira. (2023 COMU000408)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PROXECTO DE EXECUCIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local comunicacións previas de proxecto de execución que se axustan e desenvolven ás determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza de obra, e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

24050 29.09.2026 JUAN CARLOS MARTÍNEZ MARTÍNEZ, proxecto de execución en relación ca licenza nº 22/26 (para aparcamento de autocaravanas en tránsito, no lugar de Chan do Agro, Oleiros). (2026 PREJ000007)

15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Emilio José Granda Caicedo

Visto o escrito presentado por **Emilio José Granda Caicedo**, de data 07/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.925), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3935901MH9133N0001TJ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 07/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600024925 do día 7 de outubro de 2026.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 3935901MH9133N0001TJ, no seu plano 7.2. de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Corrubedo), a escala E:1/2000, coma solo urbano afectado por viais e dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos (Ordenanza 8.1).

As condicións desta Ordenanza son:

- **Artigo 159: Ordenanza 8.1 - Dotacional de Equipamentos de Espazos Verdes Públicos**

DEFINICIÓN

Trátase dunha ordenanza que regula as condicións da edificación que ten que ser empregada con fins de OCIO, CULTURAIS E DEPORTIVOS, sempre de carácter provisional, dentro das áreas de ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO.

Preténdese redactar una ordenanza de aproveitamento moi restrinxido que permita a aparición de pequenos quioscos ou outros servizos complementarios de carácter desmontable que complementen as actividades de esparexemento e repouso dos usuarios.

Ambito: O ámbito de aplicación son os espazos libres e zonas verdes de uso público.

Obras admisibles: Son admisibles únicamente as obras de montaxe e desmontaxe de elementos arquitectónicos prefabricados desmontables, así coma das infraestruturas precisas para a súa utilización, que deberán ficar ocultas e rexistrables mediante as correspondentes arquetas de acometida, ficando cedidas ao municipio en caso de desmontaxe das edificacións por extinción das concesións.

Usos globais. Característicos. Compatibles e Prohibidos: O uso global é o de DOTACIONAL DE EQUIPAMENTOS.

O uso pormenorizado característico é o de EQUIPAMENTO DE ESPAZOS LIBRES DE USO PUBLICO.

Quedan prohibidos expresamente todos os usos que non teñan unha relación de estricta dependencia do uso característico. Isto é, só se admitirán os quioscos de restauración e prensa, os aseos e servizos de mantemento da xardinería e aquelas construccións

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

desmontables de utilización esporádica que sexan adecuadas para a utilización pública destes espazos e que non poñan en perigo o carácter libre dos mesmos.

Tipoloxías edificatorias: A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de EDIFICACIÓN DESMONTABLE de pequeno tamaño e completamente adaptada ao medio axardinado.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

Condicións da parcela: Non se permite ningún tipo de parcelación que altere a estrutura da propiedade representada nos planos, aínda que será admisible a concesión de dereitos de explotación temporal de determinadas áreas.

Condicións de ocupación: A ocupación máxima da parcela será do 1%.

Ocupación baixo rasante: Non se permite mais edificación baixo rasante que para a súa utilización infraestrutural dentro do 1% máximo.

Condicións de volume: O volume da construción non está suxeito a ningunha outra determinación que a de cumprir o resto dos parámetros da edificación.

Edificabilidade: A edificabilidade máxima é de 0,01 m2/m2.

Altura da edificación:
Número de plantas: o número máximo de plantas será o de 1 planta contadas desde a rasante do terreo en contacto ca edificación. Isto é, só se permite a planta baixa e a utilización da súa cuberta coma terraza.

Altura da cornisa: a altura máxima será de 5 m. medida desde a rasante do terreno mais desfavorable.

Altura de coroación: A altura de coroación máxima será a de 7 m. medidos desde a rasante do terreo mais desfavorable.

Altura de plantas: A altura libre mínima de cada planta será de 2,60 m. e de 2,90 m. entre forxados cando leven falso teito con instalacións.

Elementos arquitectónicos: Non se computarán a efectos de edificabilidade a planta única baixo cuberta que fique por cima da altura de cornisa e dentro dos panos de cuberta que, arrancando da liña de cornisa, formen unha pendente máxima de 30 grados.

Cerramiento de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 80 cm.

Condicións ambientais e estéticas: A edificación non estará suxeita a ningunha forma ou condición predeterminada, quedando libre para resolver o seu programa con toda liberdade. Daráse a maior importancia ao axardinamento dos espazos libres e a tratamento da zonas peonís con obxecto de establecer espazos de relación co medio.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A Parcela encóntrase parcialmente dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre e parcialmente dentro da zona de servidume do Dominio Público Marítimo Terrestre.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela encóntrase afectada por un vial definido nos planos do PXOM.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Fernando Pérez Prol

Visto o escrito presentado por **Fernando Pérez Prol**, de data 01/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.394), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 000207700NH00G.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 13/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600018680 do día 29 de xullo de 2026.

Emítese informe urbanístico o 31 de xullo de 2026, tal e coma se solicitaba, certificándose en xunta de goberno local do 6 de agosto de 2026.

Posteriormente, o interesado, presenta escrito de resposta ao informe achegado, o 1 de outubro de 2026, solicitando a indicación expresa dunha serie de cuestións relativas á parcela indicada.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencias catastrais 000207700NH00G, atópase clasificada coma Solo Urbano Residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.A), segundo o PXOM de Ribeira, no seu planos 4.14, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2.000.


O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia,* en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15



A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela son:

"<u>ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.A.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.</u>

1. <u>Definición e ámbito.</u>

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificado dos núcleos urbanos en contacto cas dirección de estrada e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. <u>Obras admisibles</u>

Son admisibles todo tipo de obras de:

- *demolición*
- *reforma*
- *ampliación*
- *nova planta*

2. <u>Usos</u>

***Uso global**: Residencial extensivo.*

***Uso característico pormenorizado**: Vivenda unifamiliar.*

***Usos admisibles**: Só se admitirán, ademais do uso característico as terciarias que teñan una relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e dos sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.*

3. <u>Tipoloxía edificatoria</u>

A tipoloxía edificatoria é a da vivenda unifamiliar illada.

4. <u>Parámetros da edificación</u>

4.1. <u>Condicións da parcela</u>

***Parcela mínima**: 500 m^2.*

***Fronte mínimo**: 12 m.*

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

***Condicións de Forma**: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.*

4.2. Condicións de ocupación
***Ocupación máxima de la parcela**: 30%.*
***Recuados:** A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.*

4.3. Condicións de volume
***Edificabilidade máxima**: 0,8 m^2/m^2*
***Altura da edificación**: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.*
***Altura máxima**: 6,50 metros*
***Altura de coroación**: 4,0 metros desde o último forxado.*

4.4. Elementos arquitectónicos
***Peche de parcelas:** só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata una altura máxima de 1,0 metros, podéndose aumentar esta altura mediante elementos diáfanos ata una altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode alcanzar una altura máxima de 1,50 metros.*
***Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxilliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m^2, só se autorizará se existe a edificación principal.*
***Corpos voados pechados:** Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m, debendo ser acristaladas nun 50%.*
***Balcóns e terrazas:** Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.*
Cubertas: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en calquera caso, como material de cobertura, tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

4.5.Condicións ambientais e estéticas:
A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.
***Cerramentos exteriores e materiais:** A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir.*
Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.
***Composición de fachadas e ocos:** Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.*
Recoméndase cos ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.
***Integración no medio natural:** A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.*

4.3. **Autorizacións ou informes sectoriais**

A parcela encóntrase dentro da zona de protección da estrada CP-7307, de titularidade provincial, polo que deberá solicitar, para levar a cabo calquera actuación urbanística, autorización á Deputación de A Coruña.

5. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA PARCELA

Tal e coma se indica no apartado 4.2 do informe remitido,

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

A parcela con referencias catastrais 000207700NH00G, atópase clasificada coma Solo Urbano Residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.A), segundo o PXOM de Ribeira, no seu planos 4.14, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2.000.

6. ORDENANZA URBANÍSTICA CONCRETA DE APLICACIÓN.

Tal e coma se indica no apartado 4.2 do informe remitido,
A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela é:

ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.A.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.

7. SUPERFICIE MÍNIMA DE PARCELA ESIXIDA

Tal e coma se indica no apartado 4.2 do informe remitido, apartado 4.1 do artigo 157 do PXOM
4.1. Condicións da parcela
***Parcela mínima**: 500 m².*

8. SE A PARCELA, POLAS SÚAS CARACTERÍSTICAS E POLA SÚA CONDICIÓN DE PARCELA EXISTENTE, PODE SER OBXECTO DE EDIFICACIÓN, PESE A CONTAR CUNHA SUPERFICIE APROXIMADA DE 265 M².

A parcela mínima esixida nesta ordenanza para poder edificar, tal e coma se indica no punto anterior, é de 500,00 m²; polo que no caso de non contar con esta superficie mínima, coma se indica no escrito achegado, **NON** é posible edificar nela

9. A ALTURA MÁXIMA E O NÚMERO DE PLANTAS PERMITIDO

Tal e coma se indica no apartado 4.2 do informe remitido, apartado 4.4 do artigo 157 do PXOM

4.4. Condicións de volume
***Altura da edificación**: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.*
***Altura máxima**: 6,50 metros*
***Altura de coroación**: 4,0 metros desde o último forxado.*

10. SE RESULTA URBANÍSTICAMENTE COMPATIBLE A IMPLANTACIÓN DUNHA CONSTRUCIÓN DE PEQUENA SUPERFICIE DESTINADA A ALOXAMENTO TURÍSTICO.

Tal e coma se indica no punto 8 deste informe, non é posible edificar nesta parcela ao non contar ca superficie mínima esixible, e en consecuencia, non será posible implantar ningún uso nela.

11. NO CASO DE QUE DITO USO NON SEXA DIRECTAMENTE COMPATIBLE, INDIQUESE QUE USO URBANÍSTICO DEBERÍA SOLICITARSE OU QUE ALTERNATIVA SERÍA ADMISIBLE PARA A PARCELA.

O uso indicado sería admisible, xa que entre os usos admisibles na ordenanza de aplicación encóntrase o de hostais (uso hoteleiro – turístico).

12. SE EXISTEN AFECCIÓNS SECTORIAIS QUE DEBAN TERSE EN CONTA, PARTICULARMENTE EN MATERIA DE COSTAS, ESTRADAS, PATRIMONIO OU OUTRAS QUE RESULTEN DE APLICACIÓN

Tal e coma se indicou no apartado 4.3 do informe achegado,
A parcela encóntrase dentro da zona de protección da estrada CP-7307, de titularidade provincial, polo que deberá solicitar, para levar a cabo calquera actuación urbanística, autorización á Deputación de A Coruña.

13. NO CASO DE QUE A PARCELA NON POIDA SER EDIFICADA NAS CONDICIÓNS PRETENDIDAS, SOLICÍTASE QUE SE INDIQUEN DE FORMA EXPRESA AS RAZÓNS URBANÍSTICAS CONCRETAS QUE

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

IMPIDAN A SÚA EDIFICACIÓN, ASÍ COMA, NO SEU CASO, AS POSIBLES ALTERNATIVAS LEGALMENTE VIABLES

Tal e coma se indicou no informe remitido anteriormente, e se reitera nos puntos anteriores deste informe,

Segundo se pode consultar na sede electrónica do catastro, a parcela conta cunha superficie aproximada de 265 m^2, co que non acadaría a superficie mínima esixida pola ordenanza de aplicación.

A fronte da parcela cara a vía pública á que da fronte, non semella acadar os 12 metros de largo esixidos pola ordenanza de aplicación.

Polo que a pesar de non contar con todos os parámetros urbanísticos, exactos, da parcela, pódese indicar que a parcela non conta cas condicións mínimas esixidas pola normativa de aplicación para poder ser edificable.

A alternativa legal para poder edificar nesta parcela, sería a de agregar porcións de solo suficientes para poder acadar as condicións mínimas esixidas para poder edificar nela.

14. OBSERVACIÓNS

Segundo se pode consultar na sede electrónica do catastro, a parcela conta cunha superficie aproximada de 265 m^2, co que non acadaría a superficie mínima esixida pola ordenanza de aplicación.

A fronte da parcela cara a vía pública á que da fronte, non semella acadar os 12 metros de largo esixidos pola ordenanza de aplicación.

O uso de vivenda unifamiliar illada é o uso característico da ordenanza de aplicación nesta parcela.

17.- INFORMACIÓN E CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Cesáreo Baldomero Fariña

Vistos os escritos presentados por **Cesáreo Baldomero Fariña**, de datas 02 e 05/06/2026 (Rexistros de entrada nº 13.244 e 13.611), nos que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 000207700NH00G.

Vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 01/07/2026, e polo Delineante Municipal, Juan Antonio Sieira parada, de data 10/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

INFORMACIÓN URBANÍSTICA

1. ANTECEDENTES
Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600013244 o día 2 de xuño de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME
Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 9183211MH9098S0001WF, no seu plano 5.16, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Aguiño), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nestas parcelas son:

- **<u>Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:</u>**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificada.

1.1- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:
- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m^2

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m^2/m^2

Altura edificación:
Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros
Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non pudendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.
Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela encóntrase parcialmente dentro de servidume de protección de costas, polo que deberá solicitar autorización ao servizo do litoral da Xunta de Galicia para levar a cabo calquera actuación urbanística

6. OBSERVACIÓNS

Ao respecto da consideración de vial o grafiado no PXOM no linde sureste da parcela, deberá informar ao respecto o servizo de enxeñería municipal.

CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA

ASUNTO:	Informe a petición dos servicios de Urbanismo Municipales
OBXECTO:	Determinar o estado do " Vial", que linda coa parcela con referencia catastral 9183211MH9098S0001WF, (polo sureste da mesma)
SITUACIÓN DA FINCA:	Rúa dos Bolos 11. Aguiño.

Antecedentes:

Según informe dos Servizos de Urbanismo Municipales, a finca que nos ocupa linda polo surleste cun "**vial grafiado no PXOM"**

INFORME:

Persoados os servicios municipais de vías, obras e infraestruturas no lugar arriba indicado, obsérvase, que o vial referenciado, trátase dun espazo con difícil acceso para o tráfico rodado, cun pavimento de terra onde crece vexetación autóctona, tal e como se aprecia en fotografías adxuntas; obsérvase tamén unha pasarela de madeira nas inmediacions, non dispón dito espacio de puntos de luz do alumeado público, sen redes de saneamento, e pluviais e sin rede de abastecemento de agua potable. A día de hoxe **non ten apariencia de vía pública** como tal.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15



Fotografías do espazo para o cal se solicita informe. (sinalado cas frechas)

O presente informe ten carácter técnico, e está enfocado exclusivamente ás apreciacións que se observan sobre o terreo, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe.

18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio Barros Torres

Visto o escrito presentado por **Antonio Barros Torres**, de data 29/09/2026 (Rexistro de entrada nº 24.118), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A048004240000KT, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 06/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A048004240000KT, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Carmen Paz Rodríguez

Visto o escrito presentado por **Carmen Paz Rodríguez**, de data 08/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.975), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A838006150001XH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 90/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A838006150001XH, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Eugenia Cascallar Mariño

Visto o escrito presentado por **María Eugenia Cascallar Mariño**, de data 08/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.019), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0390204NH0009S0001FG, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 09/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0390204NH0009S0001FG, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

21.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Frinsa del Noroeste, S.A.

Visto o escrito presentado por Jesús Ángel Pisos Arnoso en representación de **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de data 07/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.933), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 33/21) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida Ramiro Carregal Rey, nº 34 A (Ribeira).

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Conceder** a **Frinsa del Noroeste, S.A.**, cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 133/21) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Avenida Ramiro Carregal Rey, nº 34 A (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

22.- VAO PERMANENTE – J.M. Vidal Pérez e Hijos, S.L.

Visto o escrito presentado por **J.M. Vidal Pérez e Hijos, S.L.**, de data 25/08/2026 (Rexistro de entrada nº 20.495), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, nº 57 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe, de data 14/10/2026, emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Conceder** a **J.M. Vidal Pérez e Hijos, S.L.**, autorización para a instalación dunha praca de **vao permanente** (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, nº 57 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATURAL SPORT VIDELGI, PARA A REALIZACIÓN DO "CAMPIONATO CIDADE DE RIBEIRA DE TAEKWONDO"

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Natural Sport Videlgi, presenta escritos de datas 16/01/2026, 17/07/2026 e 06/10/2026, con números de rexistro de entrada municipal 1212, 17593 e 24840, solicitando:

"*PARA LA REALIZACION DEL CAMPEONATO CIDADE DE RIBEIRA, EL CLUB NATURAL SPORT SOLICITA EL USO DEL PABELLON DE LA FIEITEIRA DEL 9 AL 11 DE OCTUBRE. VIERNES 9 TODO EL DIA PARA MONTAR PISTAS SABADO 10 TODO EL DIA CAMPEONATO DOMINGO 11 CAMPEONATO Y RECOGER PISTAS, MAS O MENOS HASTA LAS 17:00.*
A DEPORTES, POR MOTIVOS DE COINCIDENCIA CO NOVO CALENDARIO ELECTORAL DA FGT CA REALIZACION DO CIDADE DE RIBEIRA, O DIA 10 DE OSCTUBRE, NON SE PERMITE A REALIZACION DE

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

COMPETICION FEDERADA NO TAEKWONDO GAELGO, POLO QUE NOS VEMOS NA NECESIDADE DE MOVER A DATA SOLICITADA PARA O USO DO PABILLON DA FIEITEIRA. O NOVOS DIAS QUE SOLICITAMOS SON VENRES 23 PARA MONTAR PISTAS, SABADO 24 TODO O DIA E DOMINGO 25 POLA MAÑA, NO MES DE OUTUBRO.
PARA LA REALIZACION DEL CIDADE DE RIBEIRA SOLICITAMOS:- 8 MESAS GRANDES, - 50 SILLAS, -30 VALLAS, - PODIUM, PRESENCIA DE GAEM, Y REORDENACION DEL TRAFICO EN LA ZONA DEL APARCAMEINTO."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias;* artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
   "Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. O polideportivo municipal A Fieiteira, non ten actividade programada para as datas solicitadas a excepción do venres 23: pola mañán o Colexio Galaxia e pola tarde, de 17 a 19 horas CB Barbanza e de 19 a 21 horas Club Balonmán Ribeira.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 07-10-26 , e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 08-10/2026, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira ao Club Natural Sport Videlgi", para a celebración do "Campionato Cidade de Ribeira de Taekwondo", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días: **23**, **24 e 25 de outubro de 2026** (ao longo de toda a xornada, excepto o 25 que será ata as 17.00 horas).
- O concello de Ribeira prestará o seguinte material para o desenvolvemento da actividade**: 8 mesas, 50 cadeiras, 30 vallas e podio de premiación**.
- **Aportar efectivos do GAEM e Policía Local** para dar apoio durante o desenvolvemento do evento (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e os xefes do GAEM e da Policía Local de Ribeira).
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, …).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

24.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 07/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Xuventude, na que expón:

*"Recíbese instancia presentada por dona Carme Romero González, data de 06/10/2026, sede electrónica número 2026 24812, en nome da Asociación Cultural Alberto Romero de Ribeira co motivo da celebración de **obradoiros de creación audiovisual** que se impartirán de balde.*

Manifesta que son actividades que carecen de ánimo de lucro, e para o que precisa o uso dunha aula da casa da xuventude na data que se indica

***Sábado, 07 de novembro de 2026**:*

- ***Aula da Casa da Xuventude** para realizar o obradoiro de creación audiovisual de 10 a 14 horas destinado a rapazada de 9 a 18 anos de idade, cun máximo de 15 persoas.*

Consideracións:

1. *Interesados en apoiar iniciativas e proxectos do tecido asociativo, actuacións que son promovidas nesta ocasión por unha entidade local e que veñen a estimular a participación veciñal da mocidade ao tempo de diversificar a oferta lúdico-cultural.*
2. *Considerando que a actividade colectiva proposta, polas súa característica, require de espazos amplos e adaptados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

I. Autorizar o Uso Temporal da Casa da Xuventude como espazo no que celebrar o obradoiro de creación audiovisual o sábado 07 de novembro de 2026 de 10 a 14 horas.

II. Fixar as seguintes condicións de uso á entidade beneficiaria:

1. Acreditar estar en posesión dun seguro de responsabilidad civil vixente que cubra as continxencias derivadas da execución da actividade e danos a terceiros.
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (monitorado, materiais, publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respectar o aforo da instalación.
7. Lémbrase á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar na oficina municipal da casa da xuventude, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: xuventude@ribeira.gal.

III. Notificar o acordo á entidad interesada.

25.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por María Ventura Sampedro Rego, sede electrónica núm. 2026 24531 de data 3 de outubro de 2026, en nome da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira, interesando celebrar a IV Xornada Micolóxica de Carreira para o que precisa a disposición de uso temporal da Casa de Cultura de Carreira o vindeiro 18 de outubro de 2026.

Engádese programa explicativo que é recibido ó 07/10/2026 no enderezo electrónico desta área municipal, culturaefestexos@ribeira.gal, na que consta unha charla ás 10h, saída ao monte ás 11h, análise dos exemplares recollidos ás 14h, obradoiro de shiitake en toncos ás 15.30h e un sorteo ás 16.30 horas. Informa que a xornada se densevolve desde ás 10 h ata a finalización do sorteo previsto ás 17.30 h aprox.

Considerando que:
O Concello de Ribeira promove as iniciativas do tecido asociativo mediante a cesión de espazos, o soporte loxístico e a dotación de recursos para o desenvolvemento de eventos culturais, educativos e sociais, garantindo un uso eficiente das instalacións municipais en beneficio de toda a cidadanía.

A actividade proposta considérase de interese cultural e social para o municipio.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e pudendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

Conclusión:
Emítese INFORME Favorable de Uso Temporal da Casa de Cultura de Carreira co obxecto de celebrar a IV Xornada Micolóxica de Carreira organizada pola Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira o vindeiro 18 de outubro de 2026."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Acordo de Autorización de Uso Temporal da seguinte instalación municipal para celebrar a *IV Xornada Micolóxica de Carreira* organizado a instancia da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira:
  - Instalación: Casa da Cultura de Carreira.
  - Calendario: 18 de outubro de 2026.
  - Disponibilidade de 10.00 a 18.00 horas

- Na difusión e publicidade das actividades deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.

- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respeto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desarrollo dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respectar o aforo da instalación.
7. Lémbrase á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

26.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE ACCIÓN DIDÁCTICA NA CONTORNA DO DOLMEN DE AXEITOS – Trivium Estratexias en Cultura e Turismo, S.L.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/10/2026, relativa á autorización da celebración dunha acción didáctica na contorna do Dolmen de Axeitos, na que expón:

“

- *Recíbese solicitude presentada por César Abella Vázquez de data 07 de outubro de 2026, sede*

electrónica 2026 24936, que en nome de Trivium Estratexias en Cultura e Turismo SL ten o interese en realizar unha acción didáctica dirixida ao público escolar de Ribeira, pertecente ás III Xornadas Europeas o Patrimonio Cultural e que foi adxudicado pola Área de Patrimonio da Deputación da Coruña a antedita sociedade.

Esta acción didáctica consiste na representación da peza escénica “Latexos”, proposta centrada na memoria, a emoción e a posta en valor dos nosos monumentos, enmarcada no programa anual de alcance internacional promovido polo Consello da Europa e a Unión Europea na edición 2026 baixo o lema oficial “Patrimonio en risco: revivir, resistir, reimaxinar” co fin de achegar á cidadanía os ben culturais sobranceiros da provincia e promover a súa sensibilización e salvagarda.

O espazo proposto é a contorna exterior do Dolmen de Axeitos.

O acto está previsto para o vindeiro 20 de outubro de 2026 de 11.00 a 12.00 horas, previo montaxe e recepción desde ás 10 horas.

Vai dirixido ao alumnado do colexio CEIP O Grupo de Ribeira, estimando unha participación de 100 escolares acompañados do profesorado e persoal técnico da organización.

Manifesta que a actividade realizarase mantendo o Dolmen de Axeitos como fondo escénico pero gardando sempre a distancia de seguridade regulamentaria respecto da masa megalítica e do túmulo, sen ancoraxes, alteracións nin contacto físico co elemento patrimonial, garantindo a súa total indemnidade e protección.

- *A solicitude inclúe as seguintes peticións:*

1. *Autorización municipal para a realización da actividade na contorna do Dolmen de Axeitos durante a mañá do martes 20 de outubro de 206.*
2. *A reserva preventiva dun espazo municipal cuberto alternativo (salón de actos, auditorio ou centro socio-cultural da localidade) que garante a celebración da actividade en caso de inclemencias metereolóxicas.*

Na consideración de:

-Trátase dunha acción didáctica na contorna dun ben patrimonial a través da Área de Patrimonio e Contratación Provincial da Coruña promovida por un programa de alcance internacional promovido polo Consello Europeo e a Unión Europea dirixido ao alumnado dun colexio público do municipio.

-Conecta a aprendizaxe académica co entorno na procura de fomentar a valoración, respecto e a conservación do patrimonio cultural e histórico.

Por isto, non existe inconvinte na realización desta acción didáctica xa que responde á necesidade de fomentar a educación patrimonial, garantir a conservación activa e achegar a historia local ao alumnado dunha maneira significativa.

Por a disposición o Centro Social Cultural de Oleiros como espazo alternativo en caso dunha climatoloxía adversa.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

Lémbrase á entidade organizadora do cumprimento dos requisitos conforme a normativa de Protección do Patrimonio, da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente, debendo:

1. Seguros obrigatorios

- *Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en **vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.*
- *Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.*

2. Dereitos de autor

- *Xestionar e abonar á **SGAE, AGEDI, AIE** ou entidade correspondente os dereitos de autor que puderan corresponder.*

3. Autorizacións

- *Obter calquera **autorización previa e necesaria doutras administracións públicas** ou entidades privadas, e en particular ao tratarse da contorna dun Ben de Interese Patrimonial.*

Lembranza final

*O titular é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.*
*O titular ten a obriga de deixar o espazo no que realize a acción (ao ire libre ou na instalación municipal) **nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña antes da súa ocupación**."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar ao solicitante de que non hai inconvinte en realizar esta acción didáctica "Latexos" dirixida ao público escolar de Ribeira, pertecente ás III Xornadas Europeas o Patrimonio Cultural e que foi adxudicado pola Área de Patrimonio da Deputación da Coruña a esta sociedade solicitante.
- Por a disposición o Centro Social Cultural de Oleiros como espazo alternativo en caso dunha climatoloxía adversa.
  Calendario: Martes 20 de outubro de 2026 en horario de 11.00 a 12.00 horas coa disposición para montaxes desde ás 10.00 h.
- **Notificar o acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso referidas además especificamente a instalación municipal, e que se indican:**

"CONDICIÓNS DE USO"

1 As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respeto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia* «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desarrollo dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2 A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.

3 En ningún caso poderá destinarse a fins distinto do autorizado.

4. Respectar o aforo da instalación.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante.
6. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
7 Facilitaráse á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche desta instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o periodo antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e se absterá de realizar reproduccións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento culturaefestexos@ribeira.gal.**

27.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NO ACCESO AO PARQUE DA HORTA (PALMEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 07/10/2026, relativa á modificacióndo réxime de circulación no acceso ao Parque da Horta (Palmeira), para o servizo dos negocios do Mercado Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o acceso temporal e exclusivo de vehículos comerciais para carga/descarga engadindo un panel complementario (S-860) ao sinal existente coa lenda "*Agás carga e descarga de 08:00 a 13:30 horas*", segundo o sinalado na citada proposta.

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación Española Lucha contra el Cáncer

Visto o escrito presentado por Francisco Javier Álvarez Barbeito en representación de **Asociación Española Lucha contra el Cáncer**, de data 09/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.183), no que solicita autorización para ocupación temporal da Avenida do Malecón (Ribeira), o día 17/10/2026, en horario de 11:00 h. a 14:00 h., cunha mesa informativa en conmemoración do Día Mundial do Cancro, e posteriormente continuará a actividade cunha cadea humana.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal da Avenida do Malecón (Ribeira), o día 17/10/2026, en horario de 11:00 h. a 14:00 h., cunha mesa informativa en conmemoración do Día Mundial do Cancro, e posteriormente continuará a actividade cunha cadea humana.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15

29.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Partido Político Vox

Visto o escrito presentado por Javier Sánchez Fernández enrepresentación do **Partido Político Vox**, de data 10/10/2026 (Rexistro de entrada nº 25.227), no que solicita autorización para ocupación temporal da Avenida do Malecón (Ribeira), á altura do nº 29, o día 25/10/2026, en horario de 11:00 h. a 13:30 h., para a instalación dunha mesa informativa, sendo unha actividade sen ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal da Avenida do Malecón (Ribeira), á altura do nº 29, o día 25/10/2026, en horario de 11:00 h. a 13:30 h., para a instalación dunha mesa informativa, sendo unha actividade sen ánimo de lucro.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

CSV: 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D54E800D3A2Z6L6S5Y2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 15/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 15/10/2026 18:15:14

DOCUMENTO: 20261922280
Fecha: 15/10/2026
Hora: 18:15